



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Outubro 2023**


Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, registrou en outubro de 2023 un incremento do 3,5% con respecto a outubro de 2022; en España o incremento foi do 0,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 0,4%, os bens de equipo aumentaron un 18,3% e os bens intermedios caeron un 2,2%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 1,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a "fabricación de vehículos de motor" que achega 3,6 puntos, a "industria da alimentación" que suma 1,8 puntos e a "industria da madeira e da cortiza", que achega 1,5 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "outras industrias extractivas", que resta 3,1 puntos e "confección de roupa de vestir", que resta 1,6 puntos a taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2023



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en outubro de 2023 un aumento do 3,5% con respecto a outubro de 2022; en España o incremento foi do 0,9%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 0,4%, os bens de equipo medraron un 18,3% e os bens intermedios caeron un 2,2%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 1,0%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 0,4%, e restan 0,1 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 18,3% e achegan 4,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -2,2%, cunha repercusión de -0,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 1,0%, restando 0,2 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2023, por destino económico, os bens de consumo melloran 16,8 puntos, os bens de equipo 19,1 puntos e os bens intermedios empeoran 6,2 puntos; a enerxía mellora 1,8 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o incremento interanual en outubro do 3,5% débese principalmente ás achegas (10,0 puntos) de dezasete ramas. As principais foron: "fabricación de vehículos a motor", que achega 3,6 puntos, "industria da alimentación", que suma 1,8 puntos e "industria da madeira e da cortiza" que achega 1,5 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (6,5 puntos) de nove ramas, as principais foron: "outras industrias extractivas" que resta 3,1 puntos e "confección de roupa de vestir", que resta 1,6 puntos a taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de outubro moveuse entre o 17,7% de Extremadura e o -11,8% de Cantabria. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Canarias (9,4%), Illes Balears (6,4%), Aragón (5,0%), Castilla y León (5,0%), Galicia (3,5%), Cataluña (3,4%), Madrid (2,1%) e Castilla – La Mancha (1,5%).

#### IPI Outubro 2023

Taxas de variación en %




No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (5,9%), Madrid (3,4%) e Castilla y León (3,3%). As comunidades con maiores descenso son Murcia (-9,1%) e Cantabria (-5,7%).

### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un

modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



### Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	108,7	3,5	1,7	--	--
Bens de consumo	130,5	-0,4	-4,6	-0,1	-1,4
Bens de equipo	116,0	18,3	12,1	4,4	2,9
Bens intermedios	115,6	-2,2	-3,0	-0,6	-0,8
Energía	75,9	-1,0	6,0	-0,2	1,1
<b>España</b>					
Xeral	107,6	0,9	-0,8	--	--
Bens de consumo	112,0	1,8	0,2	0,5	0,0
Bens de equipo	119,7	5,6	5,3	1,3	1,2
Bens intermedios	107,8	0,6	-2,8	0,2	-0,9
Energía	89,5	-5,7	-5,3	-1,1	-1,1

Fonte: IIE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2023**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>3,5</b>		<b>1,7</b>		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	28,3	3,6	24,7	3,0	13,1
Industria da alimentación	14,0	1,8	-2,5	-0,4	13,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	36,1	1,5	-12,6	-0,7	3,6
Industria do papel	111,8	1,1	6,7	0,1	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	18,9	0,5	5,8	0,2	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	15,8	0,4	8,8	0,2	2,5
Fabricación doutro material de transporte	19,0	0,2	16,7	0,2	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	5,9	0,2	-22,6	-0,8	5,1
Fabricación de bebidas	3,6	0,1	3,2	0,1	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,3	0,1	-6,1	-0,5	7,7
Industria téxtil	15,5	0,1	-1,3	0,0	0,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	2,6	0,0	13,1	0,2	1,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,5	0,0	-0,3	0,0	2,0
Fabricación de mobles	-2,4	-0,1	-3,5	-0,1	1,1
Outras industrias manufactureiras	-7,1	-0,1	-15,4	-0,1	0,5
Industria química	-9,7	-0,1	-9,3	-0,2	1,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-2,3	-0,3	9,8	1,2	22,3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-20,6	-0,8	-6,3	-0,2	2,6
Confección de roupa de vestir	-17,3	-1,6	-8,6	-0,7	4,1
Outras industrias extractivas	-53,7	-3,1	27,0	0,6	1,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: IIE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2023**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>107,6</b>	<b>0,9</b>	<b>-0,8</b>
Galicia	108,7	3,5	1,7
Andalucía	100,3	-2,6	-3,7
Aragón	110,0	5,0	1,0
Asturias	101,5	-1,1	-5,0
Balears (Illes)	94,3	6,4	-2,2
Canarias	103,2	9,4	5,9
Cantabria	106,2	-11,8	-5,7
Castilla - La Mancha	112,9	1,5	1,7
Castilla y León	94,7	5,0	3,3
Cataluña	109,0	3,4	-0,3
Comunitat Valenciana	104,9	-5,0	-3,1
Extremadura	101,6	17,7	1,3
Madrid	115,9	2,1	3,4
Murcia	112,9	-1,8	-9,1
Navarra	114,6	-2,6	-3,3
País Vasco	110,4	-0,5	-2,3
Rioja (La)	87,3	-3,7	-5,0

Fonte:INE